

BANDO

AMPLIACIÓN DE HORARIO FESTAS DE SAN CAMPIO EN SAN OURENTE 2023.

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAI SABER:

Con motivo das Festas de San Campio en San Ourense, acórdase a ampliación de horario de peche dos establecementos públicos e de finalización dos espectáculos públicos das actividades recreativas, segundo o disposto a continuación:

PRIMEIRO.- Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche de establecementos públicos e de finalización dos espectáculos públicos das actividades recreativas, en todo o termo municipal, durante as noites do xoves (28-09-2023) e do venres (29-09-2023).

SEGUNDO.- Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, **serán aqueles que consten con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

A prolongación do horario permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

TERCEIRO.- Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde,
D. Manuel González López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

